b) Pago de gastos de tracto sucesivo mensual, compañías de servizos, subministracións, etc., necesarios para evitar a non interrupción dos servizos públicos.

c) Pagos que se teñan que realizar por disposicións legais, cuxa non realización supoñería un quebranto e unha ilegalidade ou demora excesiva no procedemento administrativo, ou por tratarse de expedientes suxeitos a prazo, tales como publicacións nos boletíns oficiais ou prensa, pago de notarios, rexistradores, etc.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

d) Cando se trate de gastos financiados con subvencións finalistas nos que o cobro das mesmas estea condicionado á xustificación do pago dos citados gastos ou en caso de reintegro de subvencións cuxa xustificación sexa necesaria para a obtención da concesión ou cobro doutras subvencións.

A tramitación da orde de pago requirirá a peticion razoada e debidamente motivada do órgano ou servizo responsable do gasto cuxo pago urxente se solicita.

**Segunda.** No que respecta ao prazo legal de pago, haberá que estar ao que dispoña a normativa vixente en cada momento.

**Terceira.** As obrigas que deriven do recoñecemento de xuros moratorios ao amparo da lexislación vixente, entenderanse devengadas cando se efectúe o pago material da obrigación principal.

Tras o recoñecemento e aprobación dos xuros que pola devandita demora procedan, o pago realizarase no mesmo nivel de prioridade que tería o crédito principal do que derivan.

**Cuarta.** Unha vez recoñecida a obriga ou estendido ou ordenado un pago, este deberá atenderse pola Tesourería municipal en función das dispoñibilidades de liquidez.

**Quinta.** As obrigas recoñecidas mediante expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos situaranse na mesma posición que os pagos de operacións comerciais. Por corresponder, normalmente, a exercicios xa pechados, o rexistro de entradas de facturas de Intervención será o que outorgue o dereito de cobro das facturas en canto a vencemento, debendo colocarse estas por tanto, co vencemento que deberon ter cando se rexistraron.

**Sexta.** Non se aceptará polo Concello como forma de pago a domiciliación en conta, pois tal actuación supoñería o incumprimento do procedemento administrativo de execución do gasto, o cal establece que previamente á ordenación do pago e como requisito imprescindible para que poida realizarse ha de producirse o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas dos compromisos de gasto legalmente adquiridos.

Aceptarase a domiciliación bancaria cando o estableza a normativa como forma de pago para acceder aos adiamentos ou fraccionamientos de pago das cotas e impostos que deban satisfacerse a outras administracións (Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal de Administración Tributaria, etc.), así como naqueles contratos bancarios, financeiros ou similares que esixen tal requisito, con carácter excepcional.

**Sétima.** Non se aceptarán como formas de pago a entrega de pagarés ou letras de cambio.

**Oitava.** En cumprimento da obriga de pago íntegra da factura, salvo supostos de compensación, embargos xudiciais ou similares legalmente contemplados, e da imposibilidade do seu fraccionamiento no pago, non se admitirán pagos parciais de facturas.

**Novena.** Caso de formularse unha operación de quita e espera cos provedores municipais, ou algunha outra operación singular e especial de pagos, a orde de prelación e preferencias nos pagos serán os que nos devanditos documentos se establezan, quedando as disposicións do presente plan de disposición de fondos nun segundo lugar, e aplicándose de forma subsidiaria no non previsto nos devanditos expedientes.

**Décima.** Considerarase que non existe alteración na orde de prelación de pagos, ou polo menos esta non se imputará achacable ao Concello nin será preciso manifestala nos informes que se emitan no caso de que queden obrigacións pendentes de pago de satisfacer na Tesourería municipal por causas imputables aos terceiros interesados (non achegar ficha de terceiro, non xustificar atoparse ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cumprimento non atendido de calquera outro requisito, etc.).

**Undécima.** Se as dispoñibilidades de Tesourería o permitisen, poderán atenderse en base a principios de economía e eficacia pagos de obrigas por importe inferior a 500,00 euros sen suxeición aos criterios de prelación deste Plan.

**Dúodécima.** A ordenación de pagos alterando a orde de prelación establecida neste Plan de Disposición de Fondos, en ningún caso poderá impedir o cumprimento dos pagos incluídos nos niveis de prioridade primeiro, segundo e terceiro.

**SEXTA. ORDENACIÓN DE PAGOS.**

Ao obxecto de dirixir a actividade da Tesourería e conseguir unha maior eficiencia na súa xestión e na áxil tramitación dos pagos establécense as seguintes normas:

**Primeira.** As ordes de pago cursaranse e expediránse pola Tesourería municipal en función das dispoñibilidades de liquidez existentes e do Plan de disposición de fondos. No caso de que se pretenda a realización de pagos á marxe do presente Plan, farase constar tal circunstancia no acto de ordenación.

**Segunda.** O acto administrativo da ordenación do pago soportarase documentalmente en relacións contables de ordes de pago ou documentos contables " P" en casos excepcionais de pagos individuais, que recollerán o contido legal establecido.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

Cando finalice a implantación da tramitación electrónica de facturas e da tramitación electrónica de expedientes, eliminarase o traslado de documentos contables en papel para realizar pagos á Tesourería municipal, sen prexuízo de que cando se precise, sexan requiridos determinados documentos para a súa comprobación.

Igualmente se actuará en canto ao resto de pagos distintos de facturas cando os programas informáticos o permitan.

Como regra xeral, e en función da operativa que marque a Tesourería municipal por razóns sistemáticas e de operatividade, realizaranse pagos de forma colectiva, coa periodicidade que por dita dependencia se estableza, intentando, sempre que as dispoñibilidades de liquidez o permitan, cumprir cos prazos legais establecidos, sen prexuízo dos pagos que teñan que atenderse e tramitarse de forma individual.

A sinatura destes documentos pola Intervención comportará a súa fiscalización favorable.

**Terceira.** A Tesourería poderá reter pagos para a súa compensación con débedas tributarias e demais de natureza pública a favor do Concello de Lugo nos termos establecidos na normativa sobre xestión e recadación de tributos e outros ingresos de dereito público locais.

**Cuarta.** No caso de que o ordenador de pagos considere a conveniencia ou necesidade de alterar a prioridade de pago dunha ou varias ordes, non respectando os criterios establecidos nas disposicións legais de aplicación e no propio Plan de disposición de Fondos, corresponderá ao órgano interventor se así o estima, formular reparo por escrito, de acordo co establecido no artigo 215 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais. Cando o órgano ao que se dirixa o reparo o acepte, deixará sen efecto a proposta de pago exposta.

No caso de que o órgano xestor non acepte o reparo formulado, plantexará discrepancia no prazo máximo de cinco días hábiles. A discrepancia deberá ser necesariamente motivada con cita dos preceptos legais na que a sustente. Dita discrepancia deberá ser resolta por Decreto de Alcaldía-Presidencia, ordenándose executivamente o pago.

Esta facultade non será delegable en ningún caso.

**DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.**

As bases de execución do orzamento modificaranse no que se opoñan ao disposto no presente Plan de disposición de fondos.

Pola Concellería Delegada de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico poderán ditarse instrucións de desenvolvemento do presente Plan.

**DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.**

Tratándose dunha disposición administrativa de carácter xeral que afecta a unha pluralidade de interesados, o presente Plan, de conformidade co disposto no artigo 131.1 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación e mantendo a súa vixencia ata que sexa declarado ineficaz por norma posterior de igual ou superior rango, podendo interpoñerse contra o mesmo recurso contencioso-administrativo nos termos, forma e prazos previstos na Lei reguladora da devandita xurisdición e potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que aproba o Plan.

A Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, Ana Prieto Nieto.

R. 3505

---

*Anuncio*

**DECRETO NÚMERO 18010465 DO 12/12/2018**

**ILMO.SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES.- Tte de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.**

Vista a Proposta da Dirección Xeral de Recursos Humanos de data 12 de decembro de 2018, do seguinte teor literal:

"Con data de 5 de decembro de 2018 foi comunicado ao Concello de Lugo a convocatoria de folga para os días 17, 18, 19, 20 e 21 de decembro por parte dos sindicatos Ágora, Confederación Intersindical Galega (CIG) e Unión Sindical Obreira, USO.

Na data de hoxe, 12 de decembro, tivo lugar unha reunión da representación do Concello de Lugo, na persoa de quen suscribe esta proposta, e o Comité de Folga, para tratar sobre os motivos da folga e a proposta de servizos mínimos. A reunión rematou sen ningún tipo de acordo ao formular os sindicatos convocantes a reivindicación de que o Concello retirara a proposta de RPT e ao non aceptar, ao consideralos abusivos, os servizos mínimos.

Sendo necesario establecer uns servizos mínimos imprescindibles para o funcionamento dos servizos municipais, e atendendo á proposta anunciada ao Comité de Folga, debe elevarse Decreto para a súa sinatura ao

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

Sr. Concelleiro Delegado, órgano competente en virtude do disposto no acordo 4/455 da Xunta de goberno Local para a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO:** decretar os seguintes servizos mínimos durante a folga convocada para o os días 17, 18, 19, 20 e 21 de decembro:

a) Con carácter xeral en todas as dependencias, servizos, oficinas, centros ou unidades administrativos ou de prestación de servizos do Excmo. Concello de Lugo: un empregado/a público. Naquelas dependencias que teñen quendas de traballo, mañan e tarde: un/ha empregado/a público en cada unha das quendas.

b) Con carácter especial e en atención á duración prevista da folga e as datas nas que se realizará, no Servizo de Intervención, no Servizo de Tesoureria e Contabilidade os servizos mínimos fíxanse en tres empregados/as públicos, dos cales dous/duas deberán ser de corpos técnicos. No Servizo de Persoal, dada a necesidade de proceder á xestión, e pago, da nómina do mes de decembro, e da paga extra correspondente a ese mes, así como cumprir os prazos fixados pola Seguridade Social, establécense uns servizos mínimos de tres traballadores/as, dos cales un será técnico/a e os outros dous estarán vinculados á confección da nómina e a xestión do pago de cotizacións á Seguridade Social.

c) Servizos con características especiais:

-Extinción de Incendios: as quendas de traballo correspondentes a cada día dos comprendidos na convocatoria de folga.

-Servizos eléctricos: dous traballadores.

-Brigada de augas: dous traballadores.

-Cemínterio municipal: as quendas de traballo correspondentes a cada día dos comprendidos na convocatoria de folga.

-Parque Móbil: dous traballadores.

-Conserxería de centros municipais adminstrativos: unha persoa de quenda de mañán nas dependencias do Seminario, unha persoa en quenda de mañán e unha persoa en quenda de tarde nas dependencias da Praza Maior.

-Colexios públicos: un celador/a no seu horario habitual de traballo.

-Centro Uxio Novoneira: unha persoa de conserxería en quenda de mañán e unha en quenda de tarde.

-Fogar do transeúnte: as quendas de traballo correspondentes.

-Informática: un/ha traballador/a da área técnica.

-Rexistro e atención á cidadania: dous traballadores/as.

-Pisos de acollida: as quendas de traballo correspondentes a cada día dos comprendidos na convocatoria de folga.

-Escolas infantis municipais: seis traballadoras, en cada unha delas.

d) Centros de convivencia e demais dependencias asistenciais adscritas aos Servizos Sociais do Concello: 50% do cadro de persoal de cada centro ou dependencia, debendo garantirse en todos os casos a presenza dunha persoa do cadro técnico, así como unha persoa de conserxería en quenda de mañán.

Os criterios utilizados para determinar estes os seguintes:

-O mantemento dos servizos relacionados coa seguridade, como é o caso do Servizo de Extención de Incendios.

-O mantemento do servizo relacionado de forma directa con poboación en risco de exclusión, como pode ser a usuaria do Fogar do Transeunte ou cunha problemática social que precisa unha atención inmediata, tal e como é o caso das persoas usuarias dos pisos de acollida, ou os usuarios e usuarias dos centros de convivencia.

-Servizos municipais que atenden urxencias ou situacións que precisan unha atención inmediata, tal é o caso dos reténs previstos nos servizos eléctricos, a brigada de augas e o persoal do Cemínterio municipal.

-Os traballadores do parque mobil correspóndense á necesidade de contar cun número mínimo de traballadores para atender desprazamentos ou movilización de maquinaria que sexan inaplazables.

-O persoal de conserxería é preciso aos efectos de garantir o acceso ás instalacións municipais dos cidadáns, así como a aqueles traballadores e traballadoras que non secunden a folga, ou estén sometidos a servizos mínimos.

-Os/as celadores/as dos colexíos públicos desígnanse en servizos mínimos para garantir o acceso aos centros educativos de primaria e secundaria, por parte de alumnos/as e o seu profesorado.

-O/a traballadora/a de Informática feise preciso para garantir o funcionamento dos sistemas e atender incidencias que puderan afectar de forma grave ás instalacións e equipos.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

-O persoal proposto para o Rexistro e o servizo de atención á cidadania, considérase o mínimo aos efectos de garantir o dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración así como á entrega de documentación e a atención de urxencias e consultas inaplazables.

**SEGUNDO:** As xefaturas de Servizo, ou responsables da Unidade ou Dependencia realizarán as oportunas xestión para levar a cabo a notificación individualizada ao traballador/a ou traballadores/as que deban atender os servizos mínimos en cada un dos días da folga, primando na asignación a voluntariedade.

**TERCEIRO:** As Xefaturas de Servizo ou os responsables da Unidade ou Dependencia trasladarán ao Servizo de Persoal a relación nominal das persoas que presten os servizos mínimos en cada un dos días da folga.

**CUARTO**: As Xefaturas de Servizo ou os responsables da Unidade ou Dependencia, ou no seu defecto a persoa de maior rango ou no seu defecto a persoa baixo servizos mínimos, trasladarán finalizada cada unha das xornadas de folga ou á maior brevidade posible, ao Servizo de Persoal a relación de persoal que teña secundado a folga.

**QUINTO:** Notifíquese o presente Decreto a todo o persoal do Concello de Lugo a través do correo electronico interno, indicando a vía impugnatoria, e notifíquese de forma escrita o mesmo aos membros do Comité de Folga."

Esta Concellería, en virtude do disposto no acordo 4/455 da Xunta de Goberno Local , **RESOLVE:**

**PRIMEIRO**: Decretar os seguintes servizos mínimos durante a folga convocada para o os días 17, 18, 19, 20 e 21 de decembro:

a) Con carácter xeral en todas as dependencias, servizos, oficinas, centros ou unidades administrativos ou de prestación de servizos do Excmo. Concello de Lugo: un empregado/a público. Naquelas dependencias que teñen quendas de traballo, mañan e tarde: un/ha empregado/a público en cada unha das quendas.

b) Con carácter especial e en atención á duración prevista da folga e as datas nas que se realizará, no Servizo de Intervención, no Servizo de Tesoureria e Contabilidade os servizos mínimos fíxanse en tres empregados/as públicos, dos cales dous/duas deberán ser de corpos técnicos. No Servizo de Persoal, dada a necesidade de proceder á xestión, e pago, da nómina do mes de decembro, e da paga extra correspondente a ese mes, así como cumprir os prazos fixados pola Seguridade Social, establécense uns servizos mínimos de tres traballadores/as, dos cales un será técnico/a e os outros dous estarán vinculados á confección da nómina e a xestión do pago de cotizacións á Seguridade Social.

c) Servizos con características especiais:

-Extinción de Incendios: as quendas de traballo correspondentes a cada día dos comprendidos na convocatoria de folga.

-Servizos eléctricos: dous traballadores.

-Brigada de augas: dous traballadores.

-Ceminterio municipal: as quendas de traballo correspondentes a cada día dos comprendidos na convocatoria de folga.

-Parque Móbil: dous traballadores.

-Conserxería de centros municipais adminstrativos: unha persoa de quenda de mañán nas dependencias do Seminario, unha persoa en quenda de mañán e unha persoa en quenda de tarde nas dependencias da Praza Maior.

-Colexios públicos: un celador/a no seu horario habitual de traballo.

-Centro Uxio Novoneira: unha persoa de conserxería en quenda de mañán e unha en quenda de tarde.

-Fogar do transeúnte: as quendas de traballo correspondentes.

-Informática: un/ha traballador/a da área técnica.

-Rexistro e atención á cidadania: dous traballadores/as.

-Pisos de acollida: as quendas de traballo correspondentes a cada día dos comprendidos na convocatoria de folga.

-Escolas infantis municipais: seis traballadoras, en cada unha delas.

d) Centros de convivencia e demais dependencias asistenciais adscritas aos Servizos Sociais do Concello: 50% do cadro de persoal de cada centro ou dependencia, debendo garantirse en todos os casos a presenza dunha persoa do cadro técnico, así como unha persoa de conserxería en quenda de mañán.

Os criterios utilizados para determinar estes os seguintes:

-O mantemento dos servizos relacionados coa seguridade, como é o caso do Servizo de Extención de Incendios.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

-O mantemento do servizo relacionado de forma directa con poboación en risco de exclusión, como pode ser a usuaria do Fogar do Transeunte ou cunha problemática social que precisa unha atención inmediata, tal e como é o caso das persoas usuarias dos pisos de acollida, ou os usuarios e usuarias dos centros de convivencia.

-Servizos municipais que atenden urxencias ou situacións que precisan unha atención inmediata, tal é o caso dos reténs previstos nos servizos eléctricos, a brigada de augas e o persoal do Ceminterio municipal.

-Os traballadores do parque mobil correspóndense á necesidade de contar cun número mínimo de traballadores para atender desprazamentos ou movilización de maquinaria que sexan inaplazables.

-O persoal de conserxería é preciso aos efectos de garantir o acceso ás instalacións municipais dos cidadáns, así como a aqueles traballadores e traballadoras que non secunden a folga, ou estén sometidos a servizos mínimos.

-Os/as celadores/as dos colexíos públicos desígnanse en servizos mínimos para garantir o acceso aos centros educativos de primaria e secundaria, por parte de alumnos/as e o seu profesorado.

-O/a traballadora/a de Informática feise preciso para garantir o funcionamento dos sistemas e atender incidencias que puderan afectar de forma grave ás instalacións e equipos.

-O persoal proposto para o Rexistro e o servizo de atención á cidadania, considérase o mínimo aos efectos de garantir o dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración así como á entrega de documentación e a atención de urxencias e consultas inaplazables.

**SEGUNDO:** As xefaturas de Servizo, ou responsables da Unidade ou Dependencia realizarán as oportunas xestión para levar a cabo a notificación individualizada ao traballador/a ou traballadores/as que deban atender os servizos mínimos en cada un dos días da folga, primando na asignación a voluntariedade.

**TERCEIRO:** As Xefaturas de Servizo ou os responsables da Unidade ou Dependencia trasladarán ao Servizo de Persoal a relación nominal das persoas que presten os servizos mínimos en cada un dos días da folga, antes das 12 horas do día 14 de decembro de 2018.

**CUARTO:** As Xefaturas de Servizo ou os responsables da Unidade ou Dependencia, ou no seu defecto a persoa de maior rango ou no seu defecto a persoa baixo servizos mínimos, trasladarán finalizada cada unha das xornadas de folga ou á maior brevidade posible, ao Servizo de Persoal a relación de persoal que teña secundado a folga.

**QUINTO:** Notifíquese o presente Decreto a todo o persoal do Concello de Lugo a través do correo electronico interno e notifíquese de forma escrita o mesmo aos membros do Comité de Folga.

**SEXTO:** O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo.

Lugo a 13 de decembro de 2018.- O TTe de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 3572

---

## MONTERROSO

*Anuncio*

Advertido erro na publicación da MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E DE RECREO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONTERROSO (BOP de Lugo núm 277 de data 3 de decembro de 2018), faise constar que:

**Onde di:**

**ARTIGO 5º. NORMAS XERAIS**

1. Os usuarios están obrigados a manter en perfecto estado os servizos e instalacións deportivas e seguir as instrucións do persoal encargado das ditas instalacións.

2. Non estarán suxeitas a este prezo aquelas utilizacións da instalación que correspondan a competicións organizadas por iniciativa do Concello ou patrocinados polo Concello, ou que así se recollan en convenios asinados.

3.- As solicitudes para a utilización destas instalacións deberán presentarse coa suficiente antelación e por escrito no Espazo Cultural Lorenzo Varela salvo no caso das pistas de pádel que deberán reservarse no número telefónico habilitado a tal efecto.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

**Debe dicir:**

**ARTIGO 5º. NORMAS XERAIS**

1. Os usuarios están obrigados a manter en perfecto estado os servizos e instalacións deportivas e seguir as instrucións do persoal encargado das ditas instalacións.

2. Non estarán suxeitas a este prezo aquelas utilizacións da instalación que correspondan a competicións organizadas por iniciativa do Concello ou patrocinados polo Concello, ou que así se recollan en convenios asinados.

3.- As solicitudes para a utilización destas instalacións deberán presentarse coa suficiente antelación e por escrito no Espazo Cultural Lorenzo Varela salvo no caso das pistas de pádel que deberán reservarse no número telefónico habilitado a tal efecto.

4.- Non estará permitido realizar nas instalacións públicas actividades con ánimo de lucro agás as organizadas polo Concello.

Monterroso, 12 de decembro de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 3557

---

## VIVEIRO

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Vistas as bases xerais, anexos e bases específicas para a selección DE UN MONITOR DE ACTIVIDADES E SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS con carácter temporal, como empregados públicos para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluidas no programa "Fomento do Emprego 2018" segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2018, con número de expedente 4324/2018.

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal temporal mediante a modalidade de funcionario interino , encádrado no programa "Fomento do Emprego 2018" segundo as bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, para a contratación de traballadores non incluidos no cadro de persoal do Concello

Visto o art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *"[...] 1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancia:*

*a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.*

*b) La sustitución transitoria de los titulares.*

*c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.*

*d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.*

*2. La selección de funcionarios interinos habrá de realizarse mediante procedimientos ágiles que respetarán en todo caso los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.*

*3. El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento.*

*4. En el supuesto previsto en la letra a) del apartado 1 de este artículo, las plazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluirse en la oferta de empleo correspondiente al ejercicio en que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización.*

*5. A los funcionarios interinos les será aplicable, en cuanto sea adecuado a la naturaleza de su condición, el régimen general de los funcionarios de carrera.*

*6. El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas[...]"*

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *“[...] todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico [...]”*

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“[...] as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

*a) Publicade das convocatorias e das súas bases.*
*b) Transparencia.*
*c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
*d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
*e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
*f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección[...]”*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que *“[...] os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto [...]”*

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, establece que *“[...] 1. El nombramiento del personal funcionario interino se efectuará, con arreglo a los principios de mérito y capacidad, por el Subsecretario del Departamento al que figuren adscritos los correspondientes Cuerpos y Escalas o por el Director general de la Función Pública, cuando se trate de Cuerpos y Escalas dependientes de la Secretaría de Estado para la Administración Pública. El procedimiento deberá posibilitar la máxima agilidad en la selección, en razón a la urgencia requerida para cubrir transitoriamente los puestos de trabajo en tanto se destina a los mismos a funcionarios de carrera. 2. Los funcionarios interinos deberán reunir, en todo caso, los requisitos generales de titulación y las demás condiciones exigidas para participar en las pruebas de acceso a los correspondientes Cuerpos o Escalas como funcionarios de carrera. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO LEGISLACIÓN CONSOLIDADA Página 8 3. Las normas sobre selección de los funcionarios de carrera serán de aplicación supletoria a la selección de los funcionarios interinos en cuanto resulte adecuado a la naturaleza de éstos [...]”.*

Tendo en conta que a contratación de persoal ao abeiro do Programa “FOMENTO DO EMPREGO 2018” realízase para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos prioritarios en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de funcionario interino o seguinte posto:

| Nº EMPREGOS | DENOMINACIÓN | XORNADA | RELACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1 | MONITOR DE ACTIVIDADES E SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS. | 100% | Funcionario interino. |

Tendo en conta a Retención de Crédito emitido polo Departamento de Intervención do Concello de Viveiro que consta no expediente.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**- Convocar o proceso selectivo para un posto de monitor de actividades e socorrista en instalacións acuáticas con carácter temporal, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluidas no programa “Fomento do Emprego 2018” segundo as bases reguladoras do plan provincial

único de cooperación cos Concellos 2018, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

**SEGUNDO.**- Aprobar as bases específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos para o ingreso, con carácter temporal, do posto de traballo denominado: MONITOR DE ACTIVIDADES E SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS (réxime xurídico: funcionario interino).

**TERCEIRO.**- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases publicaranse na páxina web do Concello *(www.viveiro.es)* e no taboleiro de edictos municipal.

**CUARTO.**- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

Viveiro, á 10 de decembro de 2018.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3546

# MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A., COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**Expediente: A/27/21583**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 20 de noviembre de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Comunidad de Usuarios Louteiro-Llan, la oportuna concesión para aprovechamiento de aguas captadas con un sondeo sito en la parcela 102 del polígono 31, en Vilarfruxilde, parroquia de Carballido, T.M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a usos ganaderos y complemento del uso doméstico sin consumo humano.

Oviedo, 20 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez-Castrillón.

R. 3478

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A., COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/28744**

El Ayuntamiento de Guitiriz, con C.I.F. P 2702200C, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras cruzarán el río do Requeixo, Rego de Revixoso, Rego de Portomoa y Rego de Illó, y consistirán las mismas en la ejecución de la memoria técnica “Mantemento de camiños existentes: Camiño de acceso a parroquia de Santa Cruz de Parga e San Salvador de Parga”.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3479

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/28909**

Ayuntamiento de Guitiriz, con C.I.F. P 2702200C, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces.

Las obras estarán situadas en ambas márgenes del río Parga, en el lugar de Pedracova, parroquia de Santa Cruz de Parga (Santa Cruz), T.M. de Guitiriz (Lugo), y consistirán las mismas en la ejecución del "Proxecto: de obras de mellora no camiño de acceso a: "Dende o Alto de Roca ata PR-23-06 pasando por Quintán e Pedracoba" dende o PK-0,000 a PK-2-2.790, nas parroquias de Roca e Santa Cruz, no concello de Guitiriz-Lugo".

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DIAS, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Guitiriz,** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3480

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

| | | |
|---|---|---|
| EXPEDIENTE | : | V/27/01019-1 |
| PETICIONARIO | : | José López Álvarez |
| VERTIDO | | |
| DENOMINACIÓN | : | Garaje en As Revoltas |
| LOCALIDAD | : | As Revoltas, Robra (San Pedro Fiz) |
| TÉRM. MUNICIPAL | : | Outeiro de Rei |
| PROVINCIA | : | Lugo |
| RÍO/CUENCA | : | Innominado/Santa Marta |

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Garaje en As Revoltas" - "José López Álvarez", con un volumen máximo anual de 62,00 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica prefabricada (decantador-digestor + filtro biológico).

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3481

## DIRECCIÓN XERAL DE SOSTENIBILIDADE DA COSTA E DO MAR. SECRETARÍA DE ESTADO DO MEDIO AMBIENTE. SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS EN LUGO

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA DE LA SOLICITUD DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA OCUPACIÓN DE TERRENOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE PARA LA ACOMETIDA DE GAS NATURAL EN AVDA. DE FERROL, 23-41, T.M. VIVEIRO (LUGO)**

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 74 de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas (modificada por la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley de Costas) y en el artículo 137 del Reglamento General de Costas aprobado por R.D. 876/2014, se somete a información pública la solicitud de concesión de ocupación del dominio público marítimo-terrestre de referencia, formulada por NEDGIA GALICIA, S.A.

El proyecto que sirve de base a la solicitud estará a disposición de cualquier persona interesada durante un plazo de VEINTE (20) DÍAS HÁBILES, contados a partir del día siguiente al de publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, y podrá ser examinado en las oficinas de este Servicio Provincial de Costas en Lugo , Ronda da Muralla, 131, 1º, 27004 Lugo y en las oficinas de este Servicio en Foz, edificio CENIMA, Avda da Ribeira s/n 3º, 27780 Foz, en horario de 9,00 a 14,00 horas de lunes a viernes; durante este plazo podrán formularse asimismo las alegaciones que se estimen oportunas

Lugo, a 28 de noviembre de 2018.- EL JEFE DEL SERVICIO PROVINCIAL, José Miguel Estevan Dols

R. 3397

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2018 (14/12/2018 08:00:00)